

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 22 DE ABRIL DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vintedous de Abril de mil novecentos noventa e seis; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.-
Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, e Don Celso Sotelo Barroso.- Non asiste Don Amando Martínez Deaño.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-
los seguintes:

1.- ACTAS ANTERIORES.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba os borradores das Actas das sesións anteriores, que foron as celebradas os pasados días 15 e 19 de Abril.

2.- OBRAS MAIORES.-

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Aparellador Municipal, concédese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos do común e sen prexuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resultas da definitiva, por unanimidade:

A **Don José Bernárdez Gómez**, veciño de San Cristovo, para que nun solar da súa propiedade sito no devandito lugar poida construír unha vivenda unifamiliar; a obra deberá executarse segundo a documentación técnica aportada; unha vez rematada a devandita obra, solicitará licencia de primeira ocupación; depositará unha fianza de 60.000 pesetas para responder da reposición da

beirarrúa e servicios públicos. A validez desta licencia é de seis meses a partir da súa notificación. Prácticase a liquidación provisional ós efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras desta licencia, o cal importe é de 200.720 pesetas pesetas.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-

Visto o escrito de Don José Luís Vázquez Fidalgo, veciño da Quinza, no que interesa devolución dun aval constituído no seu día por importe de 360.000 pesetas, pola realización da obra denominada "Rehabilitación Casa Dona Nona", na súa calidade de contratista adxudicatario da obra, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, tendo en conta o informe do técnico municipal, acorda acceder ó solicitado.

Visto o escrito de Don José Fernández Alvarez, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Yáñez, 31, no que interesa devolución dun aval por importe de 80.000 pesetas, constituído no seu día cando se lle concedeu licencia para construción dun edificio no lugar anteriormente indicado, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda non acceder ó solicitando, baseándose nun informe emitido polos servicios técnicos do Concello, que di o seguinte: "A obra está sen rematar; non se axusta ó proxecto; non consta fin de obra.- Cando se solicite a devolución do aval, a obra atoparase rematada segundo proxecto.- Solicitarase con acompañamento do certificado de fin de obra".

Visto o expediente de Dona Elisa Fidalgo Duran, veciña desta Vila, con domicilio na rúa Praza Maior, 13, 3º, tendo en conta as deficiencias que actualmente existen na estrutura de madeira do inmobile sito no devandito lugar e, baseándose nun infome técnico que forma parte integrante do devandito expediente, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda que deberá apuntalar adecuadamente a estrutura danada; prorrogarase a licencia do 28-11-92, en todo seu alcance e que complementarase coa do 22 de Xaneiro de 1996; adoptaranse así mesmo, tódalas medidas de seguridade precisas en evitación de danos e prexuízos a terceiros.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, toma coñecemento dos seguintes:

Da Farmaceutica titular, resultados das análises mínimas das augas das dúas fontes e tamén da traída do lugar de Prexigueiro.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

Examinadas as liquidacións do Imposto Municipal do Valor dos terreos de Natureza Urbana practicadas pola Intervención, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ás que de seguido se relacionan: Expte. 3/96 por venda de inmovible a Don Manuel Alvarez Vázquez, con domicilio na Praza da Magdalena, 2, por importe de 44.780 pesetas.

A Comisión de Goberno, por unanimidade, presta aprobación á factura emitida por Expo Galicia, Exposiciones Gallegas S.L., por servicios prestados á organización da XXXIII edición da Feira do Viño do Ribeiro, por importe de 1.015.000 pesetas, a efectos da súa remisión á Excm. Deputación Provincial, como xustificante da subvención concedida.

Por último, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acollerse á Orde do 29 de Febreiro pasado, da Consellería de Industria e Comercio pola que se regula a concesión de subvencións para investimentos con destino á promoción de mercados retallistas, zonas peonís-comerciais e outros equipamentos comerciais de carácter social, para a Pavimentación nas Rúas no Casco Urbano, nesta Vila, segundo a documentación que se achega.- Así mesmo, esta mesma Comisión, presta a súa aprobación á memoria valorada do proxecto referente á Pavimentación de Rúas no Casco Urbano, redactado polo Enxeñeiro de C.C. e P., Don Rafael Llano de la Concha.

CORRECCION DE ERROS DUN EDICTO PUBLICADO NO B.O.P.- Advertido un erro no Prego de cláusulas administrativas que rexerán o concurso tramitado para a adxudicación mediante procedemento aberto das obras denominadas "Saneamento Maquiás e Gandarela", en tramitación de urxencia, cómpre face-las oportunas correccións: Onde di: "clasificación do contratista.- grupo E, Subgrupo, 7, Categoría e", debe dicir: "Grupo E, Subgrupo 1, Categoría: c".- O prazo de presentación de proposicións será de trece días naturais contados a partir do primeiro día seguinte ó da publicación da presente corrección de erros no B.O.P.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se formularon.

E sendo as sete e media da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.